

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 18 de abril de 2024, a proposta dos equipos PROA dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde **NON CONSIDERA PERTINENTE** de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento de alto impacto, sanitario, social e económico:

ORITAVANCINA

dado que na indicación do tratamento das infeccións bacterianas agudas da pel e tecidos brandos da pel (ABSSSI por súas siglas en inglés) en adultos e en pacientes pediátricos a partir de 3 meses de idade, existen alternativas terapéuticas consideradas de elección.

De xeito excepcional e no marco do RD 1015/2009 de "uso de medicamentos en situacións especiais" podería valorarse o seu uso en pacientes que presenten infección producida por enterococos resistentes a vancomicina (ausentes ou moi infrecuentes na nosa contorna), cando outras alternativas terapéuticas (daptomicina, oxazolidinonas, tigeciclina) resulten inapropiadas.

Recoméndase que a valoración do inicio de estes antimicrobianos e o manexo dos pacientes que os reciben estea supervisado por equipos multidisciplinares hospitalarios de expertos en enfermidades infecciosas, microbioloxía clínica e terapéutica antimicrobiana (PROA).

Santiago de Compostela, sinatura e data dixital

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde